



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: NOMEAMENTO DO TRIBUNAL DE VALORACIÓN NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL CONVOCADO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE DIRECCIÓN E ASESORÍA XURÍDICA DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER INCLUÍDA NA MODIFICACIÓN 1 DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL, AO ABEIRO DO ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

EXPTE. 10/2024-SPL-EST, 2024/E001/000009.

En cumprimento do establecido nas bases 5.3 e 6 das que rexen o procedemento de selección número 10/2024-SPL-EST, 2024/E001/000009, para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo de dirección e asesoría xurídica do Centro de Información á Muller incluída na modificación 1 da oferta de emprego pública extraordinaria de 2022 do Concello de Padrón para a estabilización do emprego temporal, ao abeiro do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, faise público que por Decreto do señor Alcalde número 191/2026, do 10 de febreiro, acordouse:

«**Primeiro.** Nomear ás seguintes persoas membros do Tribunal de valoración no procedemento de selección de persoal número 10/2024-SPL-EST, 2024/E001/000009, convocado mediante o sistema de concurso-oposición para a cobertura dunha praza (1) de persoal laboral fixo de dirección e asesoría xurídica do Centros de Información á Muller, incluída na modificación número 1 da oferta de emprego público extraordinaria do 2022 para a estabilización do emprego temporal, ao abeiro do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro:

- Presidente: don Juan Manuel Molares Agrelo, asesor xurídico do Concello de Padrón. Suplente: dona Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro.
- Secretario: dona Ana María Ares Álvarez, secretaria do Concello de Padrón. Suplente: don Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor do Concello de Boqueixón.
- Vogais:
 1. Dona María Teresa Arufe Vázquez, directora e asesora xurídica do Centro de Información á Muller de Ames. Suplente: dona María Dolores Crujeiras Bringas, directora e asesora xurídica do Centro de Información da Muller do Concello de Ribeira.
 2. Dona María José Liste González, asesora xurídica do Centro de Información á Muller da Mancomunidade de Ordes. Suplente: dona Eva Ovenza Pereira, xefa de sección de igualdade e dereitos civís da Deputación Provincial da Coruña.
 3. Dona Begoña Riveira Barros, asesora xurídica en igualdade do Centro de Información á Muller do Concello de Coirós. Suplente: don Eduardo Manuel Martínez García, técnico de administración xeral do Concello de Noia.

Segundo. Convocar a todas as persoas membros do Tribunal cualificador para o acto de constitución do mesmo que terá lugar:

- Data: 20 de febreiro do 2026.
- Hora: 10,00 horas.
- Lugar: Salón de Sesiós do Concello de Padrón.

Terceiro. Facer pública a presente resolución mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no Taboleiro da Casa do Concello.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Tribunal e dar traslado da mesma ao Comité de Empresa e á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.»